

ARTE

Percorrido interior de Ernesto Neto no CGAC

Máis dun autor define a Arte como unha maneira de coñecerse a si mesmo. Tarefa nada fácil se se ten en conta que os humanos somos un combinado de emocións, sentimentos e raciocinio non sempre equilibradamente mesturados. O artista brasileiro Ernesto Neto (Río de Xaneiro, 1964) parece querer penetrar na arquitectura corporal humana para indagar e inmiscirse entre órganos vitais que fan posible a existencia.

Penetrar calquera organismo deixa unha serie de marcas. A pesar da presunción de que as impresións dactilares son únicas e distintas para cada dedo e nin sequera o tempo as pode borrar, si se poden destruír cunha boa capa de pintura as realizadas no vestíbulo do compostelán CGAC. Nun sinuoso percorrido, retorcéndose como unha grande ameiba, esvaran centos de singulares pegadas azuis, aparentemente iguais, unidas nunha gran constelación, facendo habitable unha parede nun percorrido imposible. Estes signos exclusivamente pictóricos, son demarcadores dun espazo interno-externo, conforman o límite entre a superficialidade e o coñecemento. En etapas anteriores o artista servíase de materiais como as cordas ou fíos no seu papel de liñas fronteirizas, illadoras de ámbitos diferenciados.

Nesta exposición deu un xiro. Un corte ou esgazamento na pel é unha boa vía de infiltración a todo tipo de xermes nun organismo vivo. A obra instalada na primeira planta, *Horizonte de eventos ou mar de buracos*, é porosa a calquera filtración e sobre todo do xénero humano. O artista segue na liña marcada no seu día por Helio Oiticica onde o espectador, a través de obras como os seus coñecidos "penetrables", entraba no corazón do alí amosado.

A presente obra é unha invitación a indagar e explorar os camiños e labirintos descubertos tras atravesar unha suposta pel humana; trátase dun envoltorio que non é carne (aínda que o simule) senón que está elabora-



Parte da exposición de Ernesto Neto no CGAC

M.B.

do con media de nailon, licras e outros materiais de parecida textura. O que en realidade é unha prenda feminina, o autor cargouno de énfase sensual e converteuno en obxecto de desexo. Prenda de por si seductora como toda a cultura brasileira que forxou o artista.

O autor, ó ir estirando o material polas paredes da sala, vai perforando para conformar superficies cóncavas similares a organismos celulares e levanta columnas a modo de arterias ou músculos.

Algúns destes intersticios deixan penetrar o espectador seguindo o movemento dunha eiruga atravesando a terra. Nese tránsito é inevitable non sentirse un novo Jonas tragado pola presunta balea.

Dentro desta armazón, instalado e contemplando as entrañas da obra, o participante sofre como unha catarse ó sentirse trasladado ó útero materno ou ó parecer habitar un xardín xaponés no seu típico estado calmoso. Como naquel, nesta obra as pedras tamén teñen o seu peso no lugar onde

se sitúan, creando unha especie de protuberancias glandulares. Nun avance máis, se o espectador esvarea ata o extremo da instalación, pode percibir a vista de paxaro unhas ondas na rede, que pende para conformar o dobre espazo suxerindo vagas ou as ondas dun río, tan similar á imaxe xaponesa que pasa o angazo pola area ou grava miúda.

A arte de Ernesto Neto paseou por importantes museos e participou en bienais tan influentes como a de Sao Paulo ou a actual veneciana, ambas con clara influencia no panorama da arte contemporánea. Unha arte que se aproxima a ciencia. Como ela ten leis. Manexa elementos diversos, como o equilibrio, balance, tensión e peso das formas; xoga así mesmo coas medidas. Configura un conxunto que ten moito que ve con todas as etapas do ser humano.

Isto percíbese especialmente no dobre espazo do CGAC na obra *A profundidade do corpo, a onda*, na que a modo de estalactitas unha especie de órganos virís colgan especulando co tamaño. Miles de connotacións achegan o aroma de especies como o cúrcuma e o cravo, inundando todo o espazo e trasladando o visitante a habitacións encantadas. A obra abandonou aquela fiestra aberta renacentista que que agora presenciamos aquí: a tridimensionalidade.

Aínda que o artista incorpora as vangardas, volveu ó principio dos tempos cando a arte necesitaba dun equipo suficiente como para trasladar uns elementos tan pesados como os menhires. Ernesto Neto rodeouse dun equipo de colaboradores, entre os que se inclúe unha boa costureira, para ensamblar finas e delicadas prendas porosas convertidas case en arquitectura, que deixa penetrar no seu interior e vai desenvolvendo un espazo. Estamos ante unha mostra que evitou as liñas rectas para facerse liviá e encamiñase, toda ela, ó practicar dos sentidos.

Fátima Otero

CINE

Amélie

Non me fagan moito caso porque eu non debín asistir á proxección desta película de Jean-Pierre Jeunet en bo estado de ánimo ou coa lucidez enteira. Todo canto lin e oin arredor deste filme concorda en cualificalo de magnífico, estupendo, para non perder, un gozo para os sentidos, un sopro de aire ledo e tranquilizador, sereno, plácido, que nos invita a vivir. E eu non vin tal.

Certo que Audrey Tautou mostra uns ollos grandes e un rostro claro, expresivo, suave e plácido; que a cor é espléndida, que a luz invade a pantalla, pero polo demais, non fun quen a ver ningunha das virtudes coas que todos cantos coñecidos foron a vela me están acomplexando. Para que non a vise e se queira facer unha idea, apunten: unha voz en off vainos contando a infancia dunha nena soñadora e fantasiosa; máis tarde, xa moza, a través duns cantos personaxes que aparecen na súa vida, decide dedica-la súa vida –con doado éxito– a intentar face-lo ben e a proporcionar felicidade a todos utilizando a imaxinación; por último, como no podía ser doutro xeito, namórase. Todo contado cun estilo sinxelo, de conto pillabán e tenro.

Certamente a intención de Amélie –converter en realidade os soños dos demais– paréceme moi loable, pero vistos os métodos utilizados na pantalla, a maxia mínima esixida para que se cumpran e as artes de pillabana empregados pola bondadosa moicúa eu saca a conclusión de que nada é real, todo unha trampa sen conexión posible coa vida.

Técnica, luz, cor, maxia, soños, enredos suaves, gracias inxenuas, todo engarzado nunha cinta de doce sen crema, de sucre despois de biscoito. Humor baixo en proteínas, sentimentos frios, intelixencia sen punta, optimismo cos pés fóra do pote. Unha narración luminosa, cunha moza todo ollos, todo dozura, pero que non atrapa nin transmite emoción vivida. Un cadro naïf, cheo de boas intencións, cargado de mensaxes sobre a bondade, a imaxinación e canto máis belo sería todo se puidéramos converte-la vida no conto de Amélie, pero que nin no tempo que a proxección dura somos capaces de atrevermos a crer. Planos e imaxes que suxiren un mundo irreal e desconectado ó non contar coa cola unificadora do oposto vital e crible.

Peró xa digo, todos pensan o contrario do que eu vin e o máis lóxico parece aceptar que o equivocado son eu. Veireina outra vez.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIUDAD EUROPEA DE LA CULTURA DEL AÑO 2000